

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 19 de abril de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e dez minutos do día dezanove de abril de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(482).- **RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(483).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA CONTRATACIÓN DA DIRECCIÓN DE OBRA DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN PARQUE DEPORTIVO EN BARREIRO. EXPTE. 9383/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.04.10, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 16.04.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente á empresa NAOS 04 ARQUITECTOS SLP., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación dunha “ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN PARQUE DEPORTIVO EN BARREIRO. (Expte 9383-333) por un prezo total de 66.304,20 euros IVE incluído.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010 e a oferta presentada.

3(484).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA OBRAS DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS EN EDIFICIOS E DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 50522/301.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 16.04.10, fiscalizado de conformidade polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente á empresa ANTALSIS, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras de “OBRAS DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTONICAS EN DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. (Expte 50522-301) por un prezo total de 171.790,78 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 23.695,28 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 6 persoas, aporta a maiores 2 persoa procedente de situación legal de desemprego das que 1 e desempregada de larga duración.
- Fixa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010 e a oferta presentada.

4(485).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA OBRAS DE RENOVACIÓN DA CLIMATIZADORA E INSTALACIÓN DE PANEIS SOLARES NA PISCINA MUNICIPAL DAS TRAVESAS. EXPTE. 9378/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.04.10, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 16.04.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente á empresa INSTALACIONES ELÉCTRICAS DE SANXENXO, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras de “DE RENOVACIÓN CLIMATIZADORA NA PISCINA DE TRAVESAS. (Expte 9378-333) por un prezo total de 163.771,64 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 22.589,19euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 4 persoas, aporta a maiores 1 persoa procedente de situación legal de desemprego da que 1 e desempregada de larga duración.
- Fixa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 36 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 48 meses.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010 e a oferta presentada.

5(486).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA OBRAS DE REHABILITACIÓN DO ENTORNO DO CRUCEIRO VELLO. EXPTE. 5468/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.04.10, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 16.04.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente á empresa ORECO, S.A., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras de “REHABILITACIÓN DO ENTORNO DO CRUCEIRO VELLO DE BOUZAS” (expediente 5468-307) por un prezo total de 178.708,

21 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 24.649, 41 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 4 persoas, aporta a maiores 1 persoa procedente de situación legal de desemprego de larga duración.
- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 1% fixado no prego de prescricións técnicas ao 3%.
- Incrementa o prazo de garantía en 12 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 24 meses.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010 e a oferta presentada.

6(487).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA PROXECTO DE RENOVACIÓN DE REDES DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO PARA A MELLORA ENERXÉTICA DO ENTORNO DA SUBIDA O CASTELO. EXPTE. 5467/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.04.10, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 16.04.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente á empresa EIRIÑA, S.L., con CIF B-36005411, o procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras de “RENOVACIÓN DAS REDES DE SUBMINISTRO DE AUGA E RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO PARA A MELLORA ENERXÉTICA DO ENTORNO DA SUBIDA Ó CASTELO” (expediente 5467-307) por un prezo total de 183.512 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 25.312 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 5 persoas, aporta a maiores 1 persoa procedentes de situación legal de desemprego, das que 0 persoas son de desemprego de larga duración.
- Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 0,5 % pasando o 1% fixado no prego de prescricións técnicas ao 1,5 %
- Incrementa o prazo de garantía en 6 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 18 meses.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010 e a oferta presentada.

7(488).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA CONTRATACIÓN DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA LÓPEZ MORA, ENTRE JOSÉ FRAU RUÍZ E CAMELIAS. EXPTE. 218/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.04.10, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 16.04.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a empresa GALAICONTROL, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación dunha “ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA LÓPEZ MORA, ENTRE JOSÉ FRAU RUÍZ E CAMELIAS” (expediente 218-440) por un prezo total de 22.065, 88 IVE incluído.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010 e a oferta presentada.

8(489).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA CONTRATACIÓN DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NAS RÚAS BOLIVIA (ENTRE GRAN VÍA E PANAMÁ) E PADRE DON RÚA. EXPTE. 216/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.04.10, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 16.04.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a empresa G.O.C.,S.A. (CIF A32022535) o procedemento negociado sen publicidade para a contratación dunha “ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NAS RÚAS BOLIVIA (ENTRE GRAN VÍA

E PANAMÁ) E PADRE DON RÚA (expediente 216-440) por un prezo total de 21.359, 59 IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 2.946, 15).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010 e a oferta presentada.

9(490).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA CONTRATACIÓN DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA PIZARRO (ENTRE PRAZA ISABEL A CATÓLICA E URZÁIZ). EXPTE. 220/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.04.10, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 16.04.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a a empresa TECNIGAL, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación dunha “ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA PIZARRO (ENTRE PRAZA ISABEL A CATÓLICA E URZÁIZ) (expediente 220-440) por un prezo total de 25.337, 95 IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 3.494, 89).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010 e a oferta presentada.

10(491).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA CONTRATACIÓN DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DE SUBMINISTRO DE AUGA E RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO PARA A MELLORA ENERXÉTICA NA RÚA LÓPEZ MORA ENTRE PI Y MARGALL E JOSÉ FRAU. EXPTE. 217/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.04.10, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 16.04.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a empresa GALAICONTROL, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación dunha “ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN

FACULTATIVA DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA LÓPEZ MORA, ENTRE PI Y MARGALL E JOSÉ FRAU RUÍZ (expediente 217-440) por un prezo total de 22.033,69 IVE incluído.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010 e a oferta presentada.

11(492).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á LEXISLACIÓN VIXENTE. EXPTE. 991/400.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do 24.02.10, asinada pola xerente municipal de Urbanismo e o delegado de Urbanismo e Vivenda, que di o seguinte:

Na sesión da Xunta de Goberno Local de data 19.01.10, se deu aprobación ao proxecto de modificación dos estatutos da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo.

O proxecto de modificación foi dictaminado favorablemente polo Consello da Xerencia municipal de urbanismo na súa sesión de data 28.01.10.

Entre o contido da proposta, consta o apartado 5º do artigo octavo, co seguinte contido:

“(…) As sesións do Consello non terán carácter público e poderán ser invitados os medios de comunicación previ petición dirixida ao Presidente (…)”.

Dado que unha da finalidade da modificación dos estatutos é a de adaptación á lexislación vixente sen que a mesma poida supoñer unha alteración ou menoscabo da participación pública nos asuntos a tratar dentro do Consello da Xerencia, PROPONSE á aprobación da rectificación do proxecto de estatutos e consecuentemente manter a redacción establecida nos estatutos vixentes.

De tal xeito, a redacción do punto quinto sería a seguinte:

“(…) Ás sesións do Concello serán invitados todos os medios de comunicación e, polo tanto, as reunións realizaranse no lugar axeitado para dar cabida a todos os asistentes (…)”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e catorce minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.